

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE SETEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación urxente, suxeita á regulación harmonizada e adxudicación baseada nunha pluralidade de criterios, do servizo galego de apoio á mobilidade persoal (SGAMP) para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, polo importe de dezaoto millóns seiscientos trinta mil catrocentos corenta e catro euros con oitenta e nove céntimos (18.630.444,89 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de trinta e un millóns seiscientos trinta mil setecentos sesenta euros con setenta e dous céntimos (31.630.760,72€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para a posta en marcha de iniciativas en materia de estratexia de cambio climático e economía circular no Servizo Galego de Saúde, por importe total de cento setenta mil euros (170.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución da convocatoria de axudas 2024 para o desenvolvemento de proxectos de gases renovables cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Instituto Tecnolóxico de Galicia, Universidade de Vigo, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do Programa Retech (Redes territoriais de especialización tecnolóxica), e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – Next Generation PTR a través de Incibe, por un importe total de oito millóns trescentos noventa e tres mil cincocentos vinte e cinco euros con setenta e oito céntimos (8.393.525,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición do 51% do inmovible denominado Teatro Cine Fraga, no Concello de Vigo, por importe de catro millóns setecentos corenta e tres mil euros (4.743.000,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda peonil na PO-407 (O Porriño)".
- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. dos contratos de redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 116 vivendas de promoción pública (VPP) , garaxes, rochos e locais nas parcelas 14 e 15 do Sector PP1-R do Bertón, Ferrol (A Coruña) por lotes.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do Servizo de Loxística Xeral para a área sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un importe total de catro millóns douscentos noventa e seis mil oitocentos catro centros cincuenta e seis euros con setenta e un céntimos (4.296.456,71 €) IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns seiscentos vinte e oito mil cento corenta e dous euros con sesenta e sete céntimos (6.628.142,67 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do pagamento complementario das axudas da política agraria común (PAC).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto "A calidade do medio mariño litoral e o seu efecto sobre o marisqueo. CALIMAR", para o período 2024-2026 por importe de catrocentos trece mil setecentos seis euros e cincuenta céntimos (413.706,50 €).
- Acordo polo que se toma razón das bases que rexerán a planificación da Consellería do Mar na creación e consolidación das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e as súas asociacións (AOP), así como da preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización no marco do FEMPA.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a bonificación na matrícula de grao universitario curso 2024/25. Situación actual.
- Informe sobre as vías de financiamento para a construción da nova facultade de Farmacia da USC.
- Informe sobre o Programa para o impulso de centros referentes.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en funcionamento das unidades de psioxeriatría e de primeiros episodios de psicose na área sanitaria da Coruña e Cee no marco do Plan de saúde mental 2020-2024.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas directas para a compensar os prexuízos económicos producidos pola enfermidade hemorráxica epizoótica en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CASE 19M€ AO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

- O valor estimado da medida dirixida a facilitarlle un transporte adaptado a este colectivo ascende a case 31,6 millóns de euros
- Os contratos comezarán en decembro e prolongaranse durante tres anos, con posibilidade de prorrogalos ata sumar un máximo de cinco exercicios
- Disporase de 59 vehículos con ata 26 prazas para ofrecer servizos programados e non urxentes de carácter puntual

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da prestación do servizo de transporte adaptado do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP) para persoas con discapacidade ou en situación de dependencia cun orzamento de 18,6 millóns de euros. Os contratos comezarán en decembro e prolongaranse durante tres anos, con posibilidade de prorrogalos ata sumar un total de cinco exercicios. O valor estimado do servizo ascende a case 31,6 millóns de euros.

O obxectivo é poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade e favorecer o seu acceso en condicións de igualdade efectiva aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal, así como a súa participación na contorna habitual.

Trátase dun servizo programado e non urxente, de carácter puntual para desprazamentos como acudir a xestións administrativas, consultas médicas, centros asistenciais e a actividades formativas, educativas ou relacionadas co coidado persoal, terapéutico ou rehabilitador, así como culturais, deportivas ou sociais. A prestación realizarase entre as 8.00 e as 20.00 horas, de luns a domingo e todos os días do ano.

Para facilitar o servizo, organízase en oito lotes que se corresponden con áreas territoriais que cobren as necesidades básicas dos respectivos habitantes: A Mariña, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Medios humanos e materiais requiridos

Os medios humanos requiridos son condutores con permiso de conducir axeitado, monitores con curso de especialización profesional na área de atención á dependencia, discapacidade ou similar e persoal de estrutura para garantir o correcto funcionamento do servizo. Canto aos recursos materiais mínimos, exíxense 33 vehículos de ata 9 prazas e 26 con capacidade para entre 10 e 26 prazas. Todos eles deberán cumprir a supresión de barreiras e non superar os 11 anos de antigüidade durante o contrato.

Con esta contratación continúaase ofertando o servizo licitado en 2019 e que remata este ano a súa vixencia. Na nova licitación increméntase o número de vehículos ao pasar de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

54 a 59, así como número de quilómetros dispoñibles para a prestación, que sobe case un 20 %, de 1.146.067 a 1.367.941 quilómetros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO AMBIENTE E SANIDADE IMPULSARÁN ACCIÓNS CONXUNTAS PARA AVANZAR CARA A UN SISTEMA PÚBLICO SANITARIO MÁIS SUSTENTABLE E NEUTRO EN EMISIÓNS

- O Consello autoriza a sinatura entre ambas as consellerías dun acordo de colaboración en materia de clima e saúde no marco da Estratexia galega de cambio climático 2050 e da Estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde 2020-2030
- Como novidade, MeteoGalicia asesorará sobre os condicionantes climáticos para ter en conta na planificación das infraestruturas de saúde para garantir a súa resiliencia
- Porase en marcha un proxecto piloto para a instalación de puntos de carga sustentables dotados con bicicletas eléctricas en centros de saúde e hospitais seleccionados
- Co reto de acadar unha Xunta climaticamente neutra no horizonte do ano 2040, realizarase un inventario de emisións dos diferentes tipos de instalacións do Sergas e avaliaranse as medidas para mitigar ou compensar as súas achegas contaminantes
- Tamén se traballará na elaboración de indicadores para o seguimento dos efectos dos determinantes ambientais derivados do cambio climático sobre a saúde co fin de orientar as políticas de prevención, protección e adaptación a este fenómeno

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Sanidade traballarán da man durante os dous próximos anos co obxectivo común de impulsar estudos, accións e medidas conxuntas que permitan avanzar cara a un sistema público de saúde en Galicia máis sustentable, respectuoso co ambiente e neutro desde o punto de vista das emisións.

O Consello acordou hoxe autorizar a sinatura dun acordo de colaboración entre ambos departamentos para poñer en marcha iniciativas en materia de clima e enerxía no marco da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE) aprobada pola Xunta no ano 2019 como instrumento planificador na loita contra o quecemento global e da Estratexia de economía circular 2020-2030 do propio Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Cunha vixencia de dous anos, prorrogables por outros dous, o acordo abrangue desde a posta en marcha de liñas de investigación, estudos de viabilidade ou de impacto da implantación de programas, ata a implementación práctica de mecanismos concretos neste eido e a avaliación do seu impacto tanto no sistema público sanitario coma nas persoas usuarias, co obxectivo primordial de velar pola saúde da cidadanía tamén a través dunha xestión eficiente dos recursos que contribúa á súa sustentabilidade.

En concreto e entre as liñas de traballo especificamente recollidas no propio convenio, cómpre salientar polo seu carácter novidoso a colaboración e asesoramento que prestará MeteoGalicia para determinar os condicionantes climáticos para ter en conta na planificación, localización e deseño de infraestruturas sanitarias, é dicir, aqueles factores que hai que considerar en cada zona para garantir a resiliencia e funcionalidade das instalacións ante posibles cambios ou eventos climatolóxicos extremos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, co reto de avanzar cara ao obxectivo dunha Xunta de Galicia climaticamente neutra no horizonte do ano 2040 e que sirva de exemplo para o conxunto da Comunidade, realizarase un inventario de emisións (directas e indirectas) dos diferentes tipos de instalacións do Sergas e avaliaranse as medidas para mitigar ou compensar as súas achegas contaminantes.

Ademais, prevese poñer en marcha un proxecto piloto para instalar puntos de carga sustentable de dispositivos electrónicos (en principio, catro por provincia) dotados con bicicletas estáticas eléctricas naqueles centros de saúde e/ou hospitais propostos pola Consellería de Sanidade.

Para axudar ao Observatorio galego de Saúde e clima no seu labor, tamén se elaborarán indicadores para o seguimento dos efectos na saúde dos determinantes ambientais – especialmente, os derivados do cambio climático–, co fin de orientar as políticas de prevención, protección e adaptación a este fenómeno.

Por último e nunha liña dirixida máis a acadar a sensibilización e concienciación social, ambas as consellerías colaborarán na formación dos profesionais sanitarios en materia de clima e saúde, farase un manual de comunicación no mesmo eido para garantir que se trasladen estes conceptos de forma efectiva á poboación e organizaranse conferencias temáticas e eventos conxuntos relacionados co cambio climático e a saúde.

II Plan rexional e revisión da EGCCE

A Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE) recolle unha liña específica dedicada a acadar unha Administración pública exemplar neste eido. Para que a política climática da Xunta sexa efectiva e se perciban progresos por parte da sociedade, é importante que todos os departamentos da Administración avancen na concepción e aplicación de accións destinadas a reducir o seu impacto no clima.

Un claro expoñente deste compromiso é o Sergas, que aprobou a súa propia Estratexia de economía circular 2020-2030 co reto de afondar na sustentabilidade da xestión do sistema de saúde a través da minimización da produción de residuos e da adopción de medidas eficaces para unha xestión integral dos que produce e a redución ao mínimo da súa eliminación, atendendo ás especiais características dos refugallos sanitarios.

Ademais, o pasado mes de xuño o Consello da Xunta acordou o inicio da elaboración do II Plan rexional integrado de enerxía e clima para o período 2024-2030 co reto de acelerar a consecución da neutralidade climática en Galicia e que suporá, así mesmo, unha actualización da Estratexia galega de cambio climático 2050, coa revisión das súas liñas de actuación e medidas para adaptalas ao contexto actual.

Entre as prioridades deste novo plan, precisamente, destaca a intención de darlle un pulo ás medidas orientadas a reducir as consecuencias do cambio climático na saúde.

Por iso, conforme o anterior, a finalidade principal do convenio autorizado hoxe é o mutuo interese das partes por implementar a curto prazo as accións oportunas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

necesarias para seguir avanzando en materia de clima e economía circular no eido sanitario e convertelo así nun referente en Galicia na loita contra o cambio climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AXUDAS DA XUNTA PARA PROXECTOS DE GASES RENOVABLES VAI MOBILIZAR EN GALICIA PRETO DE 10M€ DE INVESTIMENTO PÚBLICO-PRIVADO

- O obxectivo é apoiar proxectos integrais de gases renovables consistentes na produción de hidróxeno de orixe renovable ou de biogás/biometano
- A medida está destinada a empresas e autónomos, en réxime de concorrencia competitiva, con intensidades de axuda que oscilan entre o 30 % e o 65 % dependendo da tipoloxía de beneficiario (tamaño de empresa) e da tipoloxía de proxecto
- Grazas a estas axudas, instalaranse un total de 1,4 MW de potencia de electrolizadores, que permitirán a produción de máis de 150 toneladas de hidróxeno verde ao ano

O Consello da Xunta avaliou hoxe a resolución da primeira convocatoria de axudas que a Administración autonómica, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), puxo en marcha a finais do pasado ano para proxectos de gases renovables, cun apoio público final de 2,36M€ que permitirán mobilizar preto de 10M€ de investimento público-privado. As actuacións están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.

En concreto, son tres as propostas que resultaron beneficiarias, promovidas por Norvento, Nedgia Galicia, Tasga Renovables e Ignis Energy. Grazas a estas axudas, instalaranse un total de 1,4 MW de potencia de electrolizadores, que permitirán a produción de máis de 150 toneladas de hidróxeno verde ao ano, evitando a emisión á atmosfera de 1.305 toneladas de CO₂ anuais.

O obxecto desta primeira convocatoria do Goberno galego é apoiar proxectos integrais de gases renovables consistentes na produción de hidróxeno de orixe renovable ou de biogás/biometano, obtido por dixestión anaerobia, para o seu aproveitamento en centros de demanda situados en Galicia, favorecendo e fomentando, deste xeito, o uso racional das enerxías renovables.

A convocatoria está destinada a empresas e autónomos, en réxime de concorrencia competitiva, con intensidades de axuda que oscilan entre o 30 % e o 65 % dependendo da tipoloxía de beneficiario (tamaño de empresa) e da tipoloxía de proxecto. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto entre o 22 de decembro de 2023 e o 21 de febreiro de 2024.

Para o período 2021-2027, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, o Inega ten previsto a publicación de diferentes convocatorias de axuda, que suman en total 15M€, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao desenvolvemento de proxectos de gases renovables na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fomentar o desenvolvemento de alternativas de descarbonización baseadas nos gases de orixe renovable está aliñado cos obxectivos recollidos na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e na Axenda Enerxética de Galicia 2030. Trátase de incentivar alternativas limpas, sustentables e innovadoras á electrificación que permitan, pola súa vez, avanzar na redución da dependencia enerxética do exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2023 GALICIA CUMPRIU UN ANO MÁIS COS OBXECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO SEU ORZAMENTO

- Destaca os bos datos que rexistran as contas da Administración autonómica “sen que se resinta o esforzo inversor”
- Galicia rematou o exercicio cun déficit do 0,18 % do PIB e unha taxa de endebedamento do 16,1%, cumprindo co obxectivo recollido no orzamento
- En 2023, a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro do 99,6 %, o que implica un gasto preto de 1.200 M€ superior ao exercicio 2022
- O conselleiro de Facenda destaca que Galicia está entre as comunidades que antes paga aos seus provedores, ao facelo na metade de tempo que o conxunto de comunidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Consello aprobou hoxe a Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2023 que “amosa que Galicia cumpriu cos obxectivos de déficit e débeda pública recollidos nos orzamentos” e iso sen “que se resinta o esforzo inversor”.

Tal e como explicou, o informe hoxe avaliado mostra que o Goberno galego pechou o exercicio cun déficit do 0,18 % do PIB –“case tras puntos menos que no 2022”- e cunha taxa de endebedamento do 16,1 %, “a máis baixa desde 2012”.

Os datos definitivos amosan que Galicia pechou o 2023 cunha execución do orzamento consolidado (sen incluír os fondos NGEU) do 99,6 %; un déficit orzamentario de 138 millóns de euros, o que representa o 0,18% do PIB; e cunha ratio débeda/PIB do 16,1 %, 3,7 puntos por debaixo do nivel que presentaba este indicador ao inicio da pandemia (19,7 %).

Período medio de pagamento

Rueda lembrou que a conta xeral pódese apreciar que Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que tamén “foi unha das que liderou o tempo de pagamento a provedores”. En concreto, tal e como engadiu o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, rematou o 2023 cun período medio de pagamento “de 14,82 días, fronte aos 27,87 de media das comunidades autónomas, o que confirma que Galicia pagou as súas facturas case na metade de tempo que o conxunto das comunidades”. Desta forma, a Xunta de Galicia, un exercicio máis, é quen de compatibilizar altos niveis de execución, con grandes esforzos investidores e un áxil pagamento aos provedores.

Outra das magnitudes que permiten analizar a xestión orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas e o aforro bruto, medido como a capacidade de financiar gastos de capital con ingresos correntes. Este indicador mostra que as finanzas galegas reservan arredor do 9 % dos seus ingresos correntes (1.089M€) para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

financiar operacións de capital que contribúen á mellora económica de Galicia no medio prazo.

En canto ao esforzo investidor, o ano pasado Galicia destinou o 17 % do total do gasto non financeiro a investimentos.

Con estes indicadores, o Executivo galego reafirma a súa aposta por un modelo de crecemento baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración. "Os datos amosan unha xestión dos orzamentos rigorosas que da certeza e confianza a cidadáns e empresas", indicou Corgos.

A Xunta de Galicia remitirá agora a conta xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor. Este ano a rendición realízase de xeito telemático dando así cumprimento a unha das recomendacións do Consello de Contas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A CREACIÓN DUNHA REDE DE LABORATORIOS E CENTROS DEMOSTRADORES EN CIBERSEGURIDADE

- O Consello de Goberno autoriza a subscrición dun convenio co Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Vigo, o Centro Tecnolóxico de Automoción e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións
- A rede de laboratorios forma parte do proxecto Retech para a creación dun Centro de Innovación e Competencia no ámbito da ciberseguridade en que participan Galicia, Cataluña e a Comunidade Valenciana
- Galicia liderará no proxecto transrexional os aspectos relacionados coa ciberseguridade no transporte intelixente
- Os laboratorios dedicarán a súa actividade a aspectos como vehículos aéreos non tripulados, tecnoloxías 5G e 6G ou sistemas intelixentes de transportes
- O importe total do convenio é de 8,4 millóns de euros, dos cales a Xunta achega un 75 % con parte de fondos europeos

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia autorizou hoxe a subscrición dun convenio que permitirá a posta en marcha dunha rede de laboratorios e centros demostradores sobre ciberseguridade en aspectos relacionados co transporte intelixente e as telecomunicacións. O acordo será asinado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), a Universidade de Vigo (UVIgo), o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant).

Esta rede de laboratorios forma parte do proxecto para a creación dun centro transrexional de innovación e competencia no ámbito da ciberseguridade, en que, ademais de Galicia, participan Cataluña e a Comunidade Valenciana. Trátase dunha das iniciativas do Programa de Redes territoriais de especialización tecnolóxica (Retech). Este Retech de ciberseguridade ten un orzamento de 58 millóns de euros, dos que cerca de 19 millóns corresponden a Galicia. Está financiado nun 75 % a través do Retech e o 25 % restante é achegado polas CC.AA.

Nese proxecto transrexional, Galicia liderará os aspectos relacionados coa ciberseguridade no transporte intelixente no centro transrexional. O convenio aprobado hoxe permitirá, entre outros aspectos, crear unha rede de laboratorios que servirán como campo de probas e contorna de formación. O acordo tamén permite o desenvolvemento de ferramentas de ciberseguridade para o espazo aéreo de vehículos non tripulados, para as tecnoloxías 5G e 6G ou para sistemas intelixentes de transporte.

O Instituto Tecnolóxico de Galicia vai encargarse do deseño e fabricación dun laboratorio móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo de vehículos non tripulados (UAS) e do desenvolvemento de software necesario para a detección de ciberameazas, caracterización e auditoría de ciberseguridade do espazo aéreo próximo e para simulación de ameazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Universidade de Vigo vai encargarse da creación dun laboratorio de seguridade, privacidade e confianza en 5G/6G, con diferentes iniciativas de despregamento de infraestrutura e demostradores no ámbito da ciberseguridade nas comunicacións necesarias no transporte intelixente.

O Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia responsabilizarase da posta en marcha dun laboratorio centrado na ciberseguridade no ámbito da automoción, despregando as capacidades necesarias para a súa validación no vehículo autónomo e conectado.

Gradiant abordará a creación dun laboratorio da ciberseguridade 5G especializado en validar os diferentes compoñentes dunha rede 5G. Así mesmo, desenvolverá e validará novas tecnoloxías que se integrarán en redes 5G e avaliará aspectos de ciberseguridade asociados a aplicacións e servizos no ámbito do transporte intelixente. Abordará tamén a posta en marcha dun laboratorio de ciberseguridade industrial, que dará soporte para o desenvolvemento de produtos, solucións ou servizos innovadores sobre unha infraestrutura real que facilite a súa validación. Realizará tamén demostracións do funcionamento e eficacia de diversas tecnoloxías de ciberseguridade industrial.

Finalmente, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia coordinará a rede de laboratorios. A Axencia tamén porá en marcha un laboratorio no Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia en Ourense, que non forma parte deste convenio.

As actuacións do convenio teñen un orzamento de 8,4 millóns de euros, dos cales un 75 % serán achegados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con fondos do Retech e o 25 % restante polos centros tecnolóxicos. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, a través do Programa Retech.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORMALIZA A COMPRA DO 51 % DO TEATRO FRAGA DE VIGO PARA DESTINALO A FINS CULTURAI

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Facenda e Administración Pública a proceder á compra do 51% do Teatro Fraga, no Concello de Vigo, por importe de catro millóns setecentos corenta e tres mil euros (4.743.000 €).

O acordo acadado recentemente entre o Goberno galego, a Deputación de Pontevedra e a entidade bancaria Abanca Corporación Bancaria, S.A. implicaba a adquisición da propiedade do inmovible sito na rúa Uruguay de Vigo. O organismo provincial contará cunha participación do 49 %.

Este inmovible adquirese conxuntamente coa Deputación Provincial de Pontevedra, para recuperar como espazo público un inmovible simbólico e referencial para Vigo e Galicia, unha xoia da arquitectura civil de Galicia pechado dende 2001, coa pretensión de deseñar un proxecto cultural de envergadura e continuidade no tempo na cidade de Vigo, liderado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Fito cultural e social de primeira magnitude

O antigo Teatro Cine Fraga, con máis de 80 anos de historia, leva pechado desde o ano 2001. A súa reapertura para uso público supón recuperar un edificio emblemático cun enorme simbolismo, á vez que dá testemuño do total compromiso e implicación da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra con cidade de Vigo e coa súa historia.

O proxecto que se porá en marcha neste emblemático inmovible permitirá ofrecer un recurso cultural e creativo que tirará o máximo proveito dun auditorio co 1.600 butacas e con foso para orquestra, que o converte nun espazo máis que axeitado para unha ampla variedade de programacións públicas e privadas, o que permite acoller eventos e espectáculos que exixen unhas dimensións como as que ofrece este inmovible.

Pola súa banda, o espazo da antiga sala de festas vai permitir desenvolver un proxecto cultural que estará baseado na exhibición cultural, na creación artística e na participación do tecido artístico e cultural vigués, tanto no seu deseño como na súa programación. Ademais, a diversidade de espazos anexos suporá que se poderá valorar a instalación en Vigo doutros proxectos culturais de relevancia, para darlle á cidade un sólido e innovador pulo creativo.

Precisamente, neste momento, está aberta a definición do plan de usos para o que se procura a participación da sociedade, enriquecéndoo con suxestións e propostas. Así o pasado martes, día 17, celebrouse en Vigo a primeira reunión aberta coa cidadanía na que participaron máis dun cento de entidades e particulares. Estes encontros continuarán nos vindeiros meses, ao abeiro da campaña *O mellor espazo busca o mellor contido*, na procura dunha reflexión colectiva sobre o futuro e as oportunidades do que será un gran centro de desenvolvemento cultural e que inclúe unha caixa de correo electrónico, na cal xa se recibiron preto de 200 achegas que se van analizar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA PO-407 NO PORRIÑO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 425.000 EUROS

- Autorízanse as expropiacións para executar un itinerario de preto de 1 km pola marxe dereita desta vía, para a disposición dun novo espazo seguro para tránsito peonil e independente da calzada nunha zona de vivendas e acceso ao colexio Cruz de Budiño
- A senda executarase no treito da vía entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020 cun ancho mínimo de 1,80 metros e bordo, agás nun punto onde existe unha estrutura
- A intervención inclúe actuacións complementarias de acondicionamento de paradas de autobús e a colocación de pavimento táctil nos vans peonís
- A previsión é realizar a convocatoria dos actos expropiatorios e licitar as obras no primeiro semestre de 2025
- O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para executar unha senda peonil na estrada autonómica PO-407, no concello do Porriño.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da seguridade viaria, especialmente para os peóns, será de 425.000 euros, no cal se inclúe o pagamento dos 32 predios necesarios para executar a obra.

Mediante esta actuación, trátase de executar un itinerario de preto de 1 quilómetro de lonxitude na marxe dereita da PO-407, que discorre integramente polo municipio pontevedrés, que conta cun tráfico maioritariamente local, cunha importante funcionalidade ao contar con vivendas na súa traza e dar acceso a un equipamento educativo como o colexio público Cruz de Budiño.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención.

En concreto, o proxecto que vén de ser aprobado hoxe consiste na construción dunha senda no treito da estrada PO-407 comprendido entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020, creando un espazo seguro para o tránsito peonil independente da calzada, xa que esta carece na actualidade dunha zona destinada á circulación dos peóns.

A intervención deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta permitirá a execución dunha senda en formigón coloreado de ancho mínimo de 1,80 metros, agás

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nun estreitamento puntual na contorna do punto quilométrico 0+750, onde existe unha estrutura.

De cara a facilitar a accesibilidade, nos vans peonís previstos, colocarase pavimento táctil de botóns ou direccional, formado por baldosas de 30x30 centímetros sobre unha base de formigón. O pavimento táctil, indicador de advertencia ou proximidade a puntos de perigo, situarase nos extremos da senda para indicar o final desta, así como nas paradas de autobús ou nos pasos de peóns para advertir a posibilidade de cruzamento con seguridade.

As obras previstas inclúen melloras da seguridade adicionais, como o acondicionamento das paradas de autobús existentes nos puntos quilométricos 0+280 e 0+960. En ambos os casos acondicionarase e ampliarase a zona peonil, sinalizarase o refuxio e disporase de pavimentos que cumprirán as normativas vixentes de accesibilidade.

A intervención completarase con traballos adicionais de instalación dun prisma soterrado de telecomunicacións e iluminación, a mellora dos sistemas de drenaxe, a recolocación de contedores de residuos, sistemas de contención, construción de muros ou reforzo da sinalización.


Esta nova actuación da Xunta é susceptible de financiamento dos fondos europeos Feder 21/27.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras no primeiro semestre de 2025. O prazo para acometer os traballos é de 8 meses.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.

Plano de planta da actuación na PO-407 aprobada hoxe polo Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 116 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BERTÓN, EN FERROL

- O Goberno galego dá luz verde á contratación de redacción e dirección de obra de novas vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas do Sector PP1-R deste polígono, por un importe conxunto de preto de 915.000€
- Esta nova contratación súmase á dos dous contratos para a redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción doutras 124 vivendas, autorizados na reunión do Consello da Xunta da primeira semana de setembro
- En total, os catro contratos autorizados polo Executivo autonómico permitirán construír na cidade 240 vivendas de promoción pública nas parcelas urbanizadas pola Xunta
- A folla de ruta da Xunta segue avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

O Consello da Xunta autorizou a licitación de contratos de redacción de proxectos para a construción de 116 vivendas de promoción pública no Bertón, no concello de Ferrol, que suporán un investimento de preto de 915.000 euros.

Trátase de dous contratos de redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 116 novas vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas 14 e 15 do Sector PP1-R do polígono do Bertón.

O primeiro lote destes novos contratos impulsados desde a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas diríxese á contratación da redacción de proxecto de 58 vivendas de promoción pública na parcela 14, de 1.935 m², por un orzamento de máis de 460.000 euros.

O lote segundo céntrase na licitación da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra doutras 58 vivendas de promoción pública, tamén na parcela 15 do Sector PP-1-R do Bertón, de 1.882 m², por un orzamento que rolda os 453.000 euros.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación destes contratos, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas os dous lotes.

Estas nova contratación súmase á dos dous contratos para a redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción doutras 124 vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas 11 e 13, cuxa licitación foi autorizada polo Executivo autonómico na reunión semanal do pasado día 2 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, os catro contratos autorizados polo Goberno galego teñen como obxectivo construír na cidade de Ferrol 240 vivendas de promoción pública nas parcelas urbanizadas a través da sociedade de Xestión do Solo de Galicia- Xestur Galicia, no Sector PP1-R do polígono.

Con estas novas contratacións, o Goberno galego continúa impulsando a construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, ademais de incrementar o parque de vivenda na Comunidade Autónoma.

A folla de ruta do Goberno galego continúa avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 4,2 MILLÓNS DE EUROS OS SERVIZOS DE LOXÍSTICA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- O expediente inclúe o traslado de todo material necesario para o correcto funcionamento dos centros sanitarios da área, co transporte de mostras biolóxicas, produtos farmacéuticos, hemoderivados, comida, roupa e mobiliario clínico
- O contrato terá unha duración inicial de 3 anos, prevéndose unha posible extensión por 24 meses máis

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación dos servizos de loxística xerais para a área sanitaria da Coruña e Cee por un importe de 4.296.456 euros e unha duración inicial de 3 anos.

O Executivo galego deu luz verde a un novo procedemento que ten por obxecto garantir as condicións óptimas de recollida, traslado, custodia e entrega de diverso material, entre o que se inclúen os hemoderivados, os produtos farmacéuticos, mostras biolóxicas, roupa, material de esterilización, comidas e mobiliario clínico.

O contrato estenderase ata o ano 2027, prevéndose a posibilidade de ser ampliado por un período de tempo de 24 meses máis.

O novo expediente ampliará as súas prestacións, estando previsto incrementar as frecuencias de transporte de sangue e outras mostras clínicas entre os centros sanitarios e os laboratorios; a ampliación dos servizos de esterilización entre o Hospital Universitario da Coruña e os hospitais Abente e Lago e Teresa Herrera; unha maior distribución dos servizos de farmacia ao Centro Oncolóxico de Galicia e aos centros de saúde e da terceira idade da área, así como optimizar a distribución de comidas entre os seus hospitais ou a entrega de roupa aos centros sanitarios.

Esta actuación enmárcase dentro do conxunto de medidas postas en marcha pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, no seu obxectivo común de seguir a mellorar a calidade asistencial da rede pública sanitaria galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRAMITARÁ ESTA SEMANA PAGAMENTOS ADICIONAIS DA PAC PARA OS AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS POR IMPORTE DE 3 M€

- Estes fondos corresponden ao incremento como consecuencia da repartición de remanentes a nivel nacional, dentro da axuda básica á renda para a sustentabilidade (ABRS)
- Ata o mes de setembro levábanse realizado pagamentos aos beneficiarios galegos desta axuda básica por valor de 58,4 millóns de euros
- Os diferentes pagamentos da PAC benefician anualmente en Galicia uns 23.200 solicitantes, que nesta campaña percibiron, en conxunto, máis de 215 millóns de euros

Os agricultores e gandeiros galegos percibirán ao longo desta semana un total de 3.016.659,37 euros adicionais das axudas da PAC, correspondentes ao incremento rexistrado nestas achegas como consecuencia da repartición de remanentes a nivel nacional, tal e como hoxe se avaliou no Consello.

A normativa vixente permite aumentar o importe que se vai pagar da axuda básica á renda para a sustentabilidade (ABRS) cando os resultados doutras intervencións en forma de pagamentos directos fosen inferiores aos previstos. Como resultado deste proceso, o remanente calculado polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e que se traslada á ABRS ascende a 120 millóns de euros, no conxunto de España. Deles, a Galicia correspóndenlle os referidos 3 millóns. Cómpre lembrar que ata o mes de setembro levábanse realizado pagamentos aos beneficiarios galegos desta axuda básica por valor de 58.464.639,69 euros.

A axuda básica á renda, dentro das achegas da PAC, ten o obxectivo de apoiar unha renda agrícola viable e a resiliencia do sector agrícola en todo o territorio da Unión Europea, co fin de mellorar a seguridade alimentaria a longo prazo e a diversidade agrícola, así como de garantir a sustentabilidade económica da produción agrícola da UE.

A xestión de todos os pagamentos da PAC faise en Galicia a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), adscrito á Consellería do Medio Rural. Os diferentes pagamentos benefician anualmente en Galicia a uns 23.200 solicitantes, que nesta campaña percibiron, en conxunto, máis de 215 millóns de euros.

Beneficios da PAC

A PAC é unha política común de todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. A súa base xurídica recóllese no propio Tratado de funcionamento da UE e, orzamentariamente, constitúe a principal política da Unión. Esta política ofrece un firme apoio a agricultores e agricultoras tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, proporciona estabilidade nos ingresos, facilita seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desta maneira, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto. Ademais, define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e a sociedade en xeral. Así, os seus principais beneficios son a subministración de alimentos acorde coas exigencias dos consumidores, a conservación do ambiente e loita contra o cambio climático, a fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural e a xeración directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA ESTUDAR O IMPACTO DA CONTAMINACIÓN QUÍMICA E MICROBIANA NA PRODUCCIÓN DE BIVALVOS

- Nesta investigación está implicado o Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS) dependente da Universidade de Santiago de Compostela
- O convenio establece unha financiación plurianual de preto de 414.000 euros e recolle que a actividade investigadora se prolongará ata o ano 2026, cando se presentará o informe cos resultados finais
- O proxecto desenvolverá un mapa espacio-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecidos así como doutros axentes emerxentes de risco potencial sobre as poboacións marisqueiras

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación dirixido a estudar o impacto da contaminación química e microbiana na produción de bivalvos. Este traballo será executado polo Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS), dependente da universidade galega, que ten como obxectivo estratéxico o desenvolvemento de coñecemento de excelencia para o progreso e competencia no medio acuático, mariño e continental.

Esta acción ten como finalidade descubrir se a contaminación química e microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral. Para iso, está previsto o desenvolvemento dun mapa espacio-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecido así como doutros axentes emerxentes de potencial risco sobre as poboacións marisqueiras. Deste xeito, tratarase de determinar se pode existir asociación entre a súa presenza e as caídas de produción nas rías de Arousa e Pontevedra.

Nesta iniciativa, na que tamén colabora a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, preseleccionáronse a confraría de Carreira e Aguiño, a confraría de Pobra do Caramiñal, a confraría de A Pastoriza (Vilanova de Arousa), a confraría de San Martiño (O Grove) e a confraría de San Cipriano de Aldán-Hío segundo a súa proximidade ou non aos puntos de potencial risco.

Este acordo de colaboración establece unha financiación plurianual de preto de 414.000 euros así como a actividade investigadora que se prolongará ata o ano 2026, momento no cal se presentará o informe cos resultados finais. Así, detalla a execución do proxecto en catro fases en que se realizarán mostraxes e análises que servirán tamén para avaliar a estratexia e, de ser o caso, tomar medidas correctoras ademais de complementar este traballo con reunións cos técnicos das confrarías involucradas cos que cortexar e analizar os seus datos de produción en cada caso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Impulso á investigación

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos. Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUCORES PESQUEIROS DE GALICIA BENEFICIARÁNSE DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR OS SEUS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

- Estes fondos están repartidos en dúas ordes de axudas destinadas á creación e consolidación das OPP galegas e das súas asociacións, así como á preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización
- O Goberno galego dá continuidade a uns apoios que no período do anterior fondo FEMP 2016-2023 permitiu dar resposta a un total de 56 solicitudes por un importe total superior aos 12,4 millóns de euros

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2024. O conxunto das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector dos produtos da pesca e da acuicultura que operan en Galicia están a desenvolver plans de produción e comercialización con que están a impulsar tanto a sustentabilidade da pesca e a acuicultura como a produtividade destas actividades. Co obxectivo de reforzar este labor o Consello da Xunta tomou razón hoxe das bases que rexerán a planificación da Consellería do Mar na creación e consolidación das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) galegas e as súas asociacións (AOP), así como da preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización no marco do FEMPA, e que suporá a mobilización de máis de 2 millóns de euros.

Así, a Consellería do Mar ten previsto publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ao longo deste mes de setembro unha orde de axudas dirixidas ás organizacións de produtores pesqueiros e da acuicultura galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa), coa vocación de que estean vixentes durante todo o período Fempa. Por outra banda, e de xeito complementario, tamén se publicará outra orde de apoios destinados á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros, tamén cofinanciadas co mesmo fondo europeo.

Estas achegas alcanzarán o 75 % dos gastos acreditados polas entidades beneficiarias, non obstante, dentro da liña de subvencións á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, elévase ata a totalidade do investimento realizado sempre que se trate de medidas relacionadas coa pesca costeira artesanal ou de proxectos de investimento de interese e beneficiarios colectivos con características innovadoras. Tamén se recolle unha intensidade do 85 % daquelas medidas, dentro destes plans, dirixidas á adquisición, instalación e xestión de equipamentos destinados a controlar a obriga de desembarque.

O Goberno galego dá continuidade, deste xeito, a uns apoios que no período do anterior Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP) 2016-2023 permitiu dar resposta a un total de 56 solicitudes por un importe total superior aos 12,4 millóns de euros axudas. Para optar a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estas novas achegas, as organizacións potencialmente beneficiarias terán un mes para presentar as súas solicitudes a partir do día seguinte da súa publicación.

Cómpre destacar que estes apoios permiten impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, o que contribúe a xerar emprego e riqueza. Impulsan actividades pesqueiras viables e sustentables e contribúen a evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas de poboacións comerciais. Deste xeito refórzase o labor esencial destas entidades á hora de garantir a rastrexabilidade dos produtos da pesca e o acceso a información clara e completa aos consumidores, ademais de axudar na eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE PRETO DE 20.000 ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES VANSE BENEFICIAR DA MATRÍCULA GRATUÍTA DA XUNTA PARA OS SEUS ESTUDOS

- Asegura que xa son máis de 10.300 os beneficiarios e a cifra vaise incrementar unha vez que peche o derradeiro prazo de matrícula e o Ministerio resolva as súas bolsas
- Salienta que o Goberno galego aboará ás universidades un pagamento inicial de preto de 5,6M€ este mes en concepto de compensación, “dous meses antes sobre o previsto”, cifra que se seguirá ampliando en próximos pagamentos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que “xa son 9.659 estudantes de grao e 647 de ensinanza artística” que se beneficiaron da gratuidade da matrícula para este curso en Galicia e que a previsión é que finalmente esta cifra se duplique e se chegue “arredor de 20.000 estudantes ao longo de todo o curso”.

Segundo o informe elevado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ao Consello da Xunta, estímase que a cifra de beneficiarios da matrícula de balde aumente logo de que nos próximos meses peche o derradeiro prazo de matrícula en outubro, e se resolvan as bolsas de estudo estatais entre xaneiro e febreiro do próximo ano. Trátase, por tanto, de estudantes que cumpren coas condicións para a matrícula gratuita da Xunta pero están pendentes doutras exencións que, de non obtelas, se lles aplicarían a bonificación autonómica.

Así pois, no caso dos estudos de grao universitario, a día de hoxe aínda quedan arredor duns 8.000 posibles novos beneficiarios pendentes da bonificación por estaren pendentes da aplicación dalgunha das exencións previstas como ser beneficiario dunha bolsa do Ministerio, ter matrícula de honra, persoal universitario ou familia numerosa entre outros, ou ben estar pendente da revisión dalgunha incidencia. Isto é, que as persoas que solicitaron outras exencións, se finalmente non as obteñen pero cumpren cos requisitos establecidos pola Xunta, vanse beneficiar da gratuidade, o que elevará a cifra final.

Tal e como explicou o presidente, a gratuidade da matrícula supón “un déficit na tesourería das universidades públicas” e, por iso, o Consello acordou “adiantar” o pago ás universidades “en compensación pola baixada de ingresos” ante esta medida. En concreto, a Xunta vai aboar 5,6 M€ ao longo deste mes aos campus, “é dous meses antes do prazo pactado inicialmente”.

Por universidades e especialidades

Por universidades, a Universidade de Santiago vai recibir 2,2M€ correspondentes ás 3.933 matrículas certificadas ata o momento, a Universidade de Vigo recibirá 1,6M€ por 2.889 matrículas validadas e a Universidade da Coruña 1,7M€ por 2.837 matrículas. O investimento derivado das fases posteriores irase aboando a medida que se avance no proceso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe ás matrículas das Ensinanzas Artísticas Superiores, xa se beneficiaron da gratuidade un total de 647 estudantes a razón de 337 da especialidade de Deseño, 214 da de Música, 70 de Arte Dramática e 26 de Conservación e Restauración de Bens Culturais, o que implica un desembolso de 276.397€ por parte da Xunta de Galicia. Non obstante, estímase que a cifra final de beneficiarios acade os 1.000, logo de que se resolvan as exencións que aínda están pendentes de aplicar.

Medida pioneira en España

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia implantou por primeira vez neste curso a medida pioneira da gratuidade da matrícula para todos os estudantes de grao coa bonificación equivalente ao 99 % das taxas para todos aqueles que inician os seus estudos nas tres universidades públicas galegas, e para os alumnos de continuidade de 2º curso en diante que superasen durante o curso anterior porcentaxes de créditos que varían entre o 65 % e o 90 %, segundo a área de coñecemento. Tamén se benefician desta medida os estudantes de Ensinanzas Artísticas Superiores.

A posta en práctica desta medida supón redobrar a aposta da Xunta de Galicia polo apoio ás familias coa gratuidade da educación para o alumnado desde que entra na gardaría, na etapa 0-3 anos, ata que remata os seus estudos universitarios, ao tempo que se fomenta a cultura do esforzo, premiando o interese, a dedicación e o bo aproveitamento académico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUZ VERDE Á CONSTRUCCIÓN DA NOVA FACULTADE DE FARMACIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CO APOIO ECONÓMICO DA XUNTA

- Rueda informa que o Goberno galego “inxectará 12M€ ata 2026” para a construción deste centro a través do Plan de infraestruturas
- Destaca que, ademais desa inxección directa, a Xunta autoriza á USC a “negociar coas entidades bancarias o aprazamento da débeda doutros case 10M€, o que lle dá unha dispoñibilidade de fondos de 22M€”
- Deste xeito, impúlsase a mellora das infraestruturas universitarias públicas galegas, no marco do Plan de infraestruturas da Xunta, que mobilizará máis de 100M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten luz verde para construír a nova Facultade de Farmacia na capital Galicia, “un dos edificios máis demandados pola comunidade educativa”. Así se desprende do informe analizado no Consello, polo que a Xunta confirma a dispoñibilidade de fondos para a edificación desta facultade e evitar así que o alumnado “teña que repartirse entre outras facultades”, tal e como apuntou o titular do Goberno galego.

Para iso, o Goberno galego “inxectará 12M€ á USC ata 2026” para a construción deste edificio a través do Plan de infraestruturas universitarias, a razón de 4M€ nas anualidades de 2024, 2025 e 2026. Súmanse aos 4M€ que xa se transferiron á universidade compostelá ao abeiro deste plan en 2023, e que se están a destinar fundamentalmente á rehabilitación da Facultade de Química. Entre os compromisos de colaboración entre Xunta e USC en materia de infraestruturas tamén se mantén o compromiso co traslado da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

Por outra banda, tal e como salientou Rueda, a Universidade de Santiago de Compostela “poderá negociar coas entidades bancarias o aprazamento do pagamento da débeda doutros case 10M€, o que lle dará á universidade unha dispoñibilidade de fondos de 22M€”.

Con estes fondos, a USC comprométese a executar un proxecto de construción para a Facultade de Farmacia de 24,5M€. “O resto do financiamento, 4,5 M€, sairá dos fondos propios da universidade”, engadiu, ao tempo que sinalou que a previsión da USC é “comezar as obras de construción o ano que vén e que a nova facultade estea rematada no 2027”.

Desta forma impúlsase a mellora das infraestruturas universitarias públicas galegas, no marco do Plan de infraestruturas que o Goberno galego habilitou o pasado ano para este fin, cun orzamento total de 40M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nova Cidade da Saúde

A Universidade de Santiago de Compostela fixou entre os seus obxectivos no marco do Plan de infraestruturas a creación da nova Cidade da Saúde na capital galega, un conxunto de edificios que acollerá a Facultade de Enfermaría, a Facultade de Farmacia, un centro de investigación na área de Ciencias da Saúde e un aparcadoiro. A previsión é construír módulos enerxeticamente eficientes, cunha baixa demanda e con produción propia de enerxía mediante fontes renovables.

Coa nova inxección económica garántese a viabilidade, dentro da Cidade da Saúde, da nova Facultade de Farmacia, un dos edificios máis demandados pola comunidade universitaria, dada a deterioración do edificio actual, que leva afectando o alumnado e docentes desde hai case unha década.

Mobilizar máis de 100M€

Ambas as actuacións enmárcanse no Plan de infraestruturas universitarias da Xunta, a través do que inxecta ás tres universidades públicas galegas ata 2026 un total de 40M€ para a mellora dos seus centros e facultades. A través deste plan, complementario aos recursos propios das universidades e a outro tipo de axudas que poidan percibir, prevese mobilizar arredor de 100M€.

O obxectivo é seguir avanzando na consolidación da excelencia e calidade do Sistema universitario de Galicia, a través de melloras nas infraestruturas dos sete campus, tanto rehabilitacións como construción de novos edificios modernos para facultades e centros de investigación adaptados aos retos de futuro.

Este investimento súmase, como unha cantidade adicional, ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, a folla de ruta de financiamento estable e certo coa que contan as universidades galegas. Engádese, ademais, ao convenio asinado en 2021, por importe de 4,5M€, para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias, como anticipo a este plan de Infraestruturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREARÁ UNHA REDE DE CENTROS EDUCATIVOS DE REFERENCIA EN MATERIA DE INCLUSIÓN E INNOVACIÓN DOTADA CON 2M€

- A Consellería de Educación publicará nos próximos días a convocatoria para que os centros presenten os seus proxectos de mellora
- Afondarán en eidos como as matemáticas e a lectura, a igualdade, a convivencia, o benestar emocional, as altas capacidades ou o contacto con outros centros de Europa
- É a terceira medida do Plan MEGA que se pon en marcha, tras os programas Promociona e Proa+

A Xunta vai impulsar este curso a creación dunha rede de centros educativos de referencia en materia de inclusión e innovación educativa. Farao a través dun dos seis programas que compoñen o Plan MEGA de mellora educativa de Galicia, a estratexia do Goberno autonómico para a transformación e consolidación definitiva do sistema educativo galego.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP publicará nos próximos días a convocatoria para que os centros presenten os seus proxectos de mellora. Poderán facelo arredor de dúas modalidades, unha centrada na inclusión educativa e outra na innovación pedagóxica.

Os centros seleccionados desenvolverán o seu proxecto ao longo do curso 2024/25. Para iso, contarán co apoio específico do departamento educativo da Xunta a través de asesoramento, formación específica e difusión de boas prácticas. Asemade, dotaranse os centros dunha asignación extraordinaria para o desenvolvemento dos proxectos, para o que a convocatoria está dotada cun orzamento de ata 2M€.

O obxectivo deste programa é que os centros educativos seleccionados poidan influír positivamente noutros centros similares e converterse en exemplos de boas practicas promovendo actuacións e metodoloxías que poidan ser replicadas e adaptadas por outros centros.

É a terceira medida Plan MEGA que se pon en marcha, tras os programas Promociona e Proa+, cun novo enfoque que vén substituír os antigos contratos-programa, modernizándoos.

Amplio abano de boas prácticas

Poderán participar neste programa os centros públicos que impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria. Deberán elaborar un proxecto educativo centrado nalgunha das oito áreas de mellora ou ámbitos presentados na convocatoria: igualdade, convivencia, inclusión, benestar emocional, competencia matemática, competencia lectora, internacionalización e sustentabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido da igualdade valoraranse os proxectos que fomenten a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas e a o respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero; mentres que no da convivencia os proxectos deberán incluír medidas que favorezan o clima escolar ou actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, entre outras.

En materia de inclusión seleccionaranse proxectos con actuacións dirixidas á atención a diversidade, a inclusión educativa e social de todo o alumnado, a mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades e do alumnado absentista e en risco de abandono temperán.

Pensamento crítico e empatía

No caso do benestar emocional, priorizaranse as iniciativas dirixidas a mellorar a competencia socioemocional da comunidade educativa, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias, en liña coa Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives.

O programa para o impulso de centros referentes tamén impulsa o reforzo das competencias matemáticas e lectora. No primeiro dos ámbitos os centros deberán elaborar proxectos que aposten por enfoques educativos innovadores, no fomento do pensamento crítico e no estímulo da resolución de problemas de xeito interdisciplinar e práctico.

No que atinxe á competencia lectora, seleccionaranse iniciativas que impulsen actividades de lectura que cheguen a todos os membros da comunidade escolar e que lles sirvan como vía de entretemento e de crecemento persoal.

Interese por outros idiomas e cultura

Na área de internacionalización búscase favorecer o contacto dos centros educativos galegos con centros educativos de Europa que impliquen a alumnado e profesorado para fomentar un maior interese por outras culturas e realidades, así como a promoción de actividades ou proxectos centrados no coñecemento e emprego por parte do alumnado das distintas linguas, orais ou signadas.

Finalmente, no ámbito da sustentabilidade, seleccionaranse proxectos que propoñan medidas organizativas, metodolóxicas ou actividades deseñadas para que os centros evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA DÚAS NOVAS UNIDADES DE SAÚDE MENTAL PARA MAIORES E XENTE NOVA NO COMPLEXO HOSPITALARIO DA CORUÑA

- A nova unidade de psicoxeriatria está funcionando desde a semana pasada co fin de atender a persoas maiores de 65 anos con trastornos mentais que coexisten, frecuentemente, con outros problemas médicos, familiares e sociais
- Hoxe mesmo inicia a súa actividade a nova unidade de primeiros episodios de psicose que atenderá a persoas de 18 a 40 anos nos tres primeiros anos de evolución
- Ofreceranse obradoiros de estimulación cognitiva, psicoterapia individual, intervencións grupais para familia e seguimento telefónico
- O Plan estratéxico de saúde mental vixente, dotado con 83 M€, permitiu a contratación de 241 profesionais

A Xunta, no marco do Plan estratéxico de saúde mental de Galicia poscovid-19 (período 2020-24), puxo en marcha o pasado 16 de setembro unha nova unidade de psicoxeriatria na área sanitaria da Coruña e Cee e hoxe mesmoponse en funcionamento unha nova unidade de primeiros episodios de psicose.

A nova unidade de psicoxeriatria, situada no centro de saúde do Ventorrillo, está formada por unha psiquiatra, unha psicóloga clínica, unha enfermeira e unha traballadora social. Ocúpase da atención psiquiátrica de persoas maiores de 65 anos con enfermidades mentais, tales como trastornos afectivos, psicoses ou demencias, entre outras. Isto supón unha clara aposta do Goberno autonómico por unha mellor atención ás persoas maiores.

Esta nova unidade está destinada á atención de casos de alta complexidade, ben pola patoloxía propiamente dita, ou ben pola coexistencia de comorbilidade médica asociada ou ao abuso de substancias que poderían incrementar o risco de suicidio.

A unidade de primeiros episodios de psicose, situada no Hospital Abente e Lago, conta cunha psiquiatra, unha psicóloga clínica e unha enfermeira que atenderá persoas entre 18 e 40 anos que tivesen un primeiro episodio e que estean dentro dos tres primeiros anos de evolución. Un primeiro episodio psicótico xorde xeralmente entre os 15 e os 30 anos e é un evento especialmente estresante para a xente nova e as súas familias. Calcúlase que na área da Coruña supón uns 100 novos casos ao ano.

Unha detección temperá e unha resposta nun proceso inicial mellora a recuperación dos doentes, tanto na sintomatoloxía como no prognóstico, permitindo á persoa unha mellora no funcionamento global a nivel social, laboral e familiar. A intervención precoz

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en psicose permite unha significativa minoración na deterioración neurobiolóxica, social e psicolóxica.

Abordaxe individual e en grupo

O Servizo Galego de Saúde realiza, nas súas unidades de primeiros episodios de psicose, tratamentos comunitarios, intensivos, duradeiros e integrais, sen limitarse a unha terapia farmacolóxica. De modo xeral, na nova unidade da Coruña realizaranse valoracións individuais, intervencións familiares e en grupo con pacientes, así como seguimento telefónico.

No caso das unidades de psicoxeriatria, prevense avaliacións neuropsicolóxicas, psicoterapia individual e en grupo, obradoiros de estimulación cognitiva e, en casos concretos, valoracións a domicilio.

Incorporación de novos profesionais

A Xunta continúa a desenvolver o Plan estratéxico de saúde mental de Galicia poscovid-19 (2020-2024) cun orzamento de 83 M€, destinado, entre outras cousas, á contratación de 241 profesionais de saúde mental.

A través deste plan creouse unha unidade de hospitalización de agudos infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, que complementa a do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e os hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil en diferentes áreas sanitarias.

Tamén enfocado á xente nova e en colaboración co departamento autonómico de Educación, púxose en marcha o programa YAM de prevención de conduta suicida, en adolescentes, no que participaron 1.400 estudantes ao longo do curso 2023-24 e que continuará ata o curso 2027-28. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, a través do Programa FSE+ de Galicia 2021-2027.

Actualmente, tras a modificación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, creouse unha nova Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, o que supón unha clara aposta do Executivo autonómico pola saúde mental da cidadanía galega.

A Xunta traballa xa nun novo Plan de saúde mental que responda ás novas necesidades detectadas e que incluírá, entre outras medidas, a formación dunha rede de atención psicolóxica en atención primaria dependente dos servizos de psiquiatría das diferentes áreas sanitarias e que estará coordinada por profesionais da psicoloxía clínica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ OS GANDEIROS GALEGOS CON AXUDAS DIRECTAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA, DOTADAS CON MÁIS DE 5,4 M€

- A Consellería do Medio Rural seguirá habilitando achegas para compensar a morte de bovinos a causa desta doenza e, ademais, subvencionará os custos dos tratamentos veterinarios para os animais afectados, así como os desinsectantes do gando e das instalacións
- Estas liñas de axudas serán as máis cuantiosas das publicadas ata o de agora por unha comunidade autónoma en todo o país e complementarán as xa pagadas polas indemnizacións por morte, ás cales xa se destinaron máis de 200.000 euros
- Beneficiarán destas subvencións as persoas titulares das explotacións afectadas pola EHE en 2023 e 2024 e só deberán presentar unha aceptación da axuda, sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación, axilizándose así ao máximo a tramitación
- A previsión é publicar esta resolución ao final do período de actividade do mosquito vector transmisor da doenza -estímase que baixe a súa incidencia cara a mediados do mes de novembro-, co obxectivo de que opten á axuda a todas as explotacións afectadas no presente ano

A Consellería do Medio Rural destinará máis de 5,4 millóns de euros ás axudas directas para os gandeiros galegos, co fin de paliar as consecuencias da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). Concretamente, seguiranse compensando as mortes dos animais positivos por esta doenza e, ademais, subvencionaranse os custos dos tratamentos veterinarios e desinsectantes dos animais e instalacións das explotacións afectadas nos anos 2023 e 2024.

As contías por animal falecido irán dos 400 euros por bovino menor de 4 meses ata os 1.600 euros para aqueles de idade maior ou igual a 18 meses, e menor de 120, o que implica duplicar a contía que recibían os gandeiros por este mesmo concepto ata o de agora. Esta axuda será complementaria coa orde de indemnizacións por morte que xa se pagaron polo falecemento de 410 animais, cun importe de algo máis de 200.000 euros. Aqueles que se beneficiasen desta última orde de axudas recibirán a diferenza entre os baremos destas achegas concretas para EHE e os importes xa cobrados.

Sobre as achegas dirixidas aos tratamentos veterinarios e desinsectantes de animais e instalacións, as contías que se concederán serán de 20 euros por animal censado na explotación, cun mínimo de 140 euros para as explotacións cun censo inferior a 7 animais e un máximo de 4.000 euros por granxa. Esta axuda pagarase polo total do censo dos bovinos da explotación, e non só polos afectados.

Polo tanto, a Goberno galego disporá de máis de 5,4 millóns de euros para o financiamento destas axudas, dos cales 2,8 millóns se corresponderán coa repartición de fondos comprometida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a EHE e que se fará efectiva coa publicación dun real decreto nesta mesma semana. Cómpre

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sinalar que a estes fondos hai que sumarlle os 200.000 euros de fondos propios xa pagados como indemnización por bovino morto, o que fai un total superior aos 5,6 millóns de euros en axudas directas relacionadas con esta doenza en Galicia.

As máis cuantiosas de España

Estas liñas de axuda establecidas pola Consellería do Medio Rural son as máis cuantiosas das publicadas ata o de agora polas comunidades afectadas pola EHE. Tamén cómpre recordar que Galicia foi xa unha das pioneiras neste sentido e habilitou a comezos de 2024 a indemnización dos animais falecidos a consecuencia desta enfermidade.

Ademais, ao ser axudas directas, redúcese a carga burocrática para os gandeiros. As persoas que se beneficiarán son as titulares das explotacións afectadas pola EHE, que só terán que presentar unha aceptación da axuda sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación.

A previsión de publicación desta resolución é ao final do período de actividade do mosquito vector transmisor da doenza -estímase que baixe a súa incidencia de cara a mediados do mes de novembro-, co obxectivo de que opten á axuda todas as explotacións afectadas no presente ano.

Vacina dispoñible

A EHE é unha enfermidade infecciosa, pero non contaxiosa, producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides*, spp. Dada a vía de transmisión, esta enfermidade aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Existe, polo tanto, un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, en que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, esta doenza non afecta as persoas, que non poden enfermarse nin pola picadura do mosquito transmisor, por contacto con animais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non hai tratamento curativo, pero existe unha vacina desenvolvida pola farmacéutica galega Zandal e autorizada pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, que está dispoñible para a súa adquisición baixo prescrición veterinaria. Ademais da protección inmunolóxica que suporá a administración da vacina, é fundamental a aplicación de medidas preventivas encamiñadas a evitar o contacto dos animais co mosquito vector.